

Meu irmán Wat Daniel

Era unha mañá calurosa , onde aparecía Xan e o seu avó Arturo, estaban no monte de paseo cando de súpeto escoitaron un barullo, cercáronse, revolveron entre a maleza e quedaron sorprendidos xa que viron unha cría de dragón. Xan díxolle o seu avó que tiña que ser del. Levárono a súa casa, puxéronlle de nome White porque non era un dragón corrente era un dragón branco , bañárono, déronlle unhas galletas e fixéronlle una cama grande de palla, o dragón víase moi contento e Xan moito máis.

Pasou o tempo e a amizade entre eles tres ía crescendo así coma o tamaño do dragón . coma outros días ían a pasear o bosque Xan o seu avó e o dragón pero o que non sabían e que uns cazadores os vixiaban pa poder collelo. Unha tarde saíron contentos de paseo coma todas as tardes e de súpeto dous homes puxéronse no medio de onde eles tiñan que pasar e dixéronlle:.

- Vimos buscar a este dragón, así que non poñades resistencia en que o levemos con nós porque temos armas e vos non.

Xan empezou a chorar pero o dragón comezou a votar lume pola boca, cousa que dende que estaba con Xan nunca o fixera, os ladróns cheos de medo votaron a correr e Xan, o avó e o dragón marcharon para a casa, Ao chegar contáronlle a todos os seus veciños o sucedido e así o dragón foi o heroe para todos.

A partir dese día todos os veciños viñano ver, axudaban a Xan a bañalo, darlle de comer e por suposto o que máis lle gustaba a todos era xogar con él. .